

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 20 de setembro de 2006 pola que se inclúen varios concellos na zona territorial 1 do anexo do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro.

De conformidade co disposto na disposición adicional segunda do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008, esta consellería está habilitada para modificar a inclusión de concellos nas zonas 1 e 2.

A inclusión dun concello nunha ou noutra zona afectará tanto á fixación do prezo máximo por metro cadrado das vivendas de protección autonómica como á determinación do nivel de ingresos da unidade familiar que se terá en conta para verificar o cumprimento dos requisitos exixidos para acceder ás vivendas e ás axudas.

Os concellos de Oroso, Pontecesures e A Illa de Arousa foron integrados na zona territorial 2. Non obstante, advírtese que pola súa situación, se vén incrementando a demanda de vivendas así como dos seus prezos por metro cadrado. Por todo o cal, esta situación fai aconsellable incluílos na zona territorial 1.

En virtude do anterior e con base nas competencias que teño atribuídas

DISPOÑO:

Artigo único.-Que nas zonas territoriais establecidas no anexo I do Decreto 18/2006, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008, se inclúan os concellos de Oroso, Pontecesures e A Illa de Arousa entre os concellos incluídos na zona territorial 1.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2006.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Real decreto 1021/2006, do 8 de setembro, polo que se nomea presidente da Audiencia Provincial da Coruña a José Luis Seoane Spiegelberg.

Por proposta do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, adoptada na súa reunión do 26 de xullo

de 2006, e de conformidade co disposto nos artigos 127.2º e 337 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Nomeo presidente da Audiencia Provincial da Coruña a José Luis Seoane Spiegelberg, presidente da sección cuarta da mesma audiencia provincial, en provisión da vacante producida por expiración do mandato do anteriormente nomeado.

Madrid, 8 de setembro de 2006.

Juan Carlos R.

Juan Fernando López Aguilar
Ministro de Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 170/2006, do 14 de setembro, polo que se acepta a doazón de dúas embarcacións feitas a favor da Comunidade Autónoma de Galicia por parte da empresa Remolcadores Nosa Terra, S.A.

Con data do 1 de agosto de 2006, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos remitiu á Consellería de Economía e Facenda o expediente de doazón de dúas embarcacións propiedade de *Remolcadores Nosa Terra, S.A.*

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o expediente de aceptación, logo da solicitude da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

De acordo co disposto no artigo 17.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 34.1º do Regulamento aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, a adquisición pura e simple de bens, a título gratuito ou lucrativo requirirá decreto do Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, feita nos termos nos que *Remolcadores Nosa Terra, S.A.* realizou a oferta de doazón e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de setembro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Aceptar a doazón de dúas embarcacións feitas por *Remolcadores Nosa Terra, S.A.*, e que se describen como segue:

1. Embarcación modelo Delta do 1995 con dous motores yamaha de 70 cv: nº de bastidor do motor de babor 486209, e do motor de estribor 486211.